



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases e convocatoria para a provisión, en réxime laboral temporal, docente para impartir a especialidade: soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG

ANUNCIO

Aprobación das bases e convocatoria para a provisión, en réxime de duración determinada a tempo parcial (7 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dunha praza de docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG”, correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 e 2023 (2022/E001/000023).

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 605/2023 de 03 de marzo de 2023 aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión, en réxime de duración determinada mediante un contrato para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dunha praza de docente para impartir a acción formativa “Soldadura Oxigás e Soldadura MIG/MAG” correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 e 2023 (2ª convocatoria).

As bases están dispoñibles na Sede electrónica do concello de Carballo, e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

O prazo de presentación de instancias é de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na Sede electrónica do concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Carballo, a 06 de marzo de 2023.

Alcade

Evencio Ferrero Rodríguez